



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2022, EXPTE. 11/2025-SPF, 2025/E001/000013.

En cumprimento do establecido no artigo 97 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, no 205.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia, e no 6 do Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que aproban as regras básicas e programas mínimos aos que deben axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local, faise público que por Decreto do Alcalde número 947/2025, do 23 de decembro, convocouse o procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura da seguinte praza:

- Denominación: traballador/a social (Coord.).
- Número: unha (1).
- Escala: administración especial.
- Subescala: técnica.
- Grupo: A2.
- Clase: persoal funcionario.
- Xornada laboral: completa.

Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o Alcalde do Concello de Padrón, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen perxuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

O texto íntegro das bases aprobadas insértase a continuación:

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A2, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PADRÓN DO 2022.

EXPTE. 11/2025-SPF, 2025/E001/000013.

1. OBXECTO.

1.1. É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección de persoal funcionario de carreira, mediante o sistema de concurso-oposición, para a cobertura dunha praza de traballador/a social da escala de administración especial, subescala técnica, grupo A, subgrupo A1, incluída na oferta de emprego público do Concello de Padrón do 2022.

1.2. O procedemento regulado nestas bases rexerase pola normativa básica estatal constituída polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP), a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL) e o Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local, o Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, a normativa autonómica de aplicación constituída pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de

Galicia (LEPG), Decreto 95/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ao servizo da comunidade autónoma de Galicia e Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia e, supletoriamente, polo Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, e demais lexislación concordante e de aplicación.

2. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

2.1. As prazas obxecto do procedemento de selección teñen as seguintes características:

- a) Denominación: traballador/a social (Coord.).
- b) Número: unha (1).
- c) Escala: administración especial.
- d) Subescala: técnica.
- e) Grupo: A2.
- f) Clase: persoal funcionario.
- g) Xornada laboral: completa.

2.2. Dado que, no momento de aprobación da Oferta de emprego público do 2022, só hai un único posto de traballo de traballador/a social vacante reservado a persoal funcionario, a persoa que resulte nomeada funcionaria tras este proceso será adscrita ao posto 4000 da vixente Relación publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 70, do 16 de abril do 2021.

3. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

Para ser admitida ou admitido no procedemento que se regula nestas bases, as persoas aspirantes deberán reunir, na data en que remate o prazo de presentación de instancias segundo a convocatoria do proceso, os seguintes requisitos:

- a) Posuir a nacionalidade española ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea. Tamén reunirán este requisito:
 - i. As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - ii. As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - iii. As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
 - iv. As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

- c) Estar en posesión, ou en condición de obter, o título de grao en Traballo social ou equivalente. Para os efectos destas bases o termo de equivalente entenderase referido exclusivamente ás titulacións que, como consecuencia da implantación de novos estudos adaptados ás sucesivas reformas educativas, viñeron a substituír ás titulacións extinguidas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase acreditar estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

- d) Estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

No suposto de non posuír este certificado ou título equivalente a persoa aspirante deberá superar a proba de coñecemento do idioma galego descrita na base 9.1.D).

- e) Estar en posesión do permiso de condución tipo B.
- f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

As persoas discapacitadas deberán acreditar que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e a súa compatibilidade coa praza, a través da correspondente certificación. De ser o caso, farán constar na instancia as adaptacións que precise para a realización das diferentes probas achegando para elo o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de calificación do grao de minusvalía.

- g) Non estar afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- h) Non ter sido separada, nin despedida, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración especial de persoal funcionario.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitada ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- i) Facer efectivo o pagamento da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón que ascende a trinta e un euros con trinta e dous céntimos (31,32 €).

Estes requisitos deberán manterse ademais durante todo o proceso selectivo.

4. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E DOCUMENTACIÓN.

4.1. As instancias solicitando participar no proceso dirixíranse ao señor Alcalde do Concello de Padrón e presentáranse, debidamente cubertas, no Rexistro Xeral de Documentos do Concello de Padrón, ben presencialmente nas oficinas situadas en rúa Longa, número 27, 15900 Padrón, A Coruña, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres, ou ben a través da sede electrónica do Concello (<https://sede.padron.gal>) ou ben por calquera das outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (en adiante LPAC), no prazo máximo de vinte (20) días naturais contados desde o de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos entregáranse en sobre aberto para seren seladas e datadas polo persoal de Correos antes de seren certificadas.

4.2. As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura como Anexo I das presentes bases e estará a disposición das persoas interesadas nas oficinas do Rexistro Xeral do Concello de Padrón e na sede electrónica do mesmo (<https://sede.padron.gal>) e incluírá a manifestación de que se reúnen todos e cada un dos requisitos enumerados nas presentes bases e o compromiso, no suposto de superar o proceso, de prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

Asemade na mesma deberase indicar en que idioma (galego ou castelán) queren que lle sexan facilitados os exercizos do proceso selectivo que pola súa natureza así o permitan.

4.3. Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación na orde que se indica:

- a) Documento nacional de identidade ou pasaporte. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración responsable da persoa cónxuxe ou ascendente da que dependa de que non está separada de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.
- b) De ser o caso, certificado de lingua galega 4 (CELGA 4) ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.
- c) Documento acreditativo do pagamento da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón que ascende a 31,32 €.

O abonamento desta taxa realizarase empregando o modelo normalizado de autoliquidación de Taxas e prezos públicos que se atopa a disposición das persoas interesadas nas oficinas municipais do Concello de Padrón e na sede electrónica do Concello. Este deberá estar selado pola entidade bancaria na que se realice o abono ou ben acompañarse do xustificante bancario do ingreso.

- d) Para o suposto de ter recoñecido un grao de discapacidade e ser preciso a adaptación das probas, ditame facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade acreditativo das deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido.

4.4. Toda a documentación presentada deberá estar redactada en galego ou castelán ou ben en calquera outro idioma coa correspondente tradución oficial selada e asinada por tradutor/a-intérprete xurado/a.

4.5. Presumirase que a documentación presentada polas persoas aspirantes é auténtica e así o declararán responsablemente na solicitude de participación, sen prexuízo de que o Tribunal de valoración ou o órgano competente do Concello de Padrón poidan requirir en calquera momento a acreditación da veracidade das circunstancias declaradas ou dos documentos achegados.

En calquera caso, as persoas aspirantes finalmente seleccionadas deberán presentar a documentación orixinal ou copia debidamente autenticada de acordo ao establecido na base 12.

5. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

5.1. Finalizado o prazo de presentación das solicitudes, o señor Alcalde do Concello de Padrón, no prazo máximo dun mes, ditará resolución aprobando a lista provisoria de persoas admitidas e excluídas, con especificación de apelidos e nome e catro cifras aleatorias do documento nacional de identidade, número de identidade de estranxeiro, pasaporte ou documento equivalente e, de ser o caso, dos motivos de exclusión.

Esta resolución publicárase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal/>).

5.2. As ou os aspirantes omitidos ou excluídos disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día da publicación da devandita resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, para emendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

5.3. Transcorrido o prazo de subsanación, o señor Alcalde ditará nova resolución aprobando a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo e fixando o lugar, data e hora de realización da primeira proba da oposición, a orde de actuación das e dos aspirantes, de ser o caso, e a composición do Tribunal cualificador.

Esta resolución publicarase igualmente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

5.4. De non existir persoas aspirantes excluídas, o Alcalde poderá elevar a definitiva a lista provisoria na mesma resolución de aprobación, incluíndo tamén os datos sinalados no apartado anterior.

5.5. A publicación dos sucesivos anuncios tanto da fase de concurso como para a celebración das probas da fase de oposición, así como, a lista das persoas aspirantes aprobadas en cada exercicio e de chamamentos ás aspirantes, de selo caso, efectuarase no Taboleiro electrónico do Concello.

5.6. O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos exixidos para participar no proceso selectivo. Así, cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que se deriven da súa participación.

6. NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

6.1. O tribunal encargado da cualificación das probas e da supervisión do proceso será nomeado polo Alcalde conforme ao estipulado nos artigos 60 do TREBEP, 59 da LEPG, 7 do Decreto 95/1991, de 20 de marzo e demais lexislación de aplicación, e a súa composición farase pública consonte co establecido na base anterior. Estará composto polas e polos seguintes membros e os seus correspondentes suplentes:

- Presidente: Un/ha funcionario/a con coñecementos técnicos na materia (titular e suplente).
- Secretario: Un/ha funcionario/a, que actuará con voz pero sen voto (titular e suplente).
- Vogais: Tres con coñecementos técnicos na materia (titulares e suplentes).

6.2. No nomeamento das e dos membros do Tribunal deberanse respectar as seguintes regras:

- a Todas as persoas membros do Tribunal deberán pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.
- b As ou membros do Tribunal que sexan persoal funcionario do mesmo corpo e escala que o do posto convocado non poderán exceder de 2.
- c A súa composición será paritaria entre mulleres e homes, na forma establecida no artigo 152 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e 53 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres.

6.3. O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas persoas especialistas corresponderalle ao señor Alcalde a proposta do Tribunal.

Así mesmo, o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar para o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación autorizará o señor Alcalde.

7. NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

7.1. As e os membros do Tribunal, así como as persoas asesoras especialistas designadas, terán que absterse de intervir cando concorra algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de

outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), ou si nos cinco (5) anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

A ou o presidente poderá solicitar das e dos membros do tribunal e das persoas asesoras especialistas declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no devandito artigo 23 ou calquera outra das previstas nesta base.

As persoas aspirantes poderán recusar ás e aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base conforme ao artigo 24 da LRXSP.

7.2. Por resolución do señor Alcalde nomearanse ás ou aos novos membros do Tribunal que substituirán ás persoas que perdesen tal condición por algunha das causas mencionadas anteriormente. Esta resolución farase pública no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

7.3. A constitución do Tribunal entenderase válida coa presenza da metade, polo menos, dos seus membros e a presenza en todo caso do/a presidente e do/a secretario/a.

Igualmente, nas seguintes sesións, o tribunal non poderá actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade das e dos seus membros e, en todo caso, sen asistencia da ou do presidente e secretario.

7.4. Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e prace da/o presidente.

7.5. Correspóndelle ao Tribunal adoptar as medidas precisas, naqueles casos nos que resulte necesario, para que as persoas aspirantes con discapacidades gocen de similares condicións para a realización dos exercicios ás das restantes participantes, coas posibles adaptacións de tempo e/ou medios.

7.6. O presidente do Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que o primeiro da oposición sexa corrixido sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, polo que a administración municipal poñerá a disposición do Tribunal os medios materiais e técnicos necesarios para elo. En consecuencia, o Tribunal excluírá aquelas persoas aspirantes en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

7.7. En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñan superado as probas selectivas, un número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobadas/os que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

7.8. As e os membros do tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

7.9. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde da oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto nas presentes bases a normativa recollida na base 1.

7.10. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o Alcalde, segundo o previsto no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con independencia de calquera outro recurso ou reclamación que no seu caso proceda.

8. FASE DE CONCURSO

8.1. A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio, será a primeira obxecto de valoración. En todo caso a puntuación obtida nesta fase non poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

8.2. Constituído o Tribunal, este reunirase na sesión ou sesións non públicas que sexan necesarias para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes admitidas. O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro electrónico, con anterioridade á realización do primeiro exercicio da fase de oposición e ata a resolución final do proceso selectivo.

Durante o prazo de dez (10) días hábiles dende a anterior publicación, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións ou reclamacións que estimen pertinentes que será resoltas polo Tribunal.

8.3. Deberá estarse en posesión dos méritos alegados, como máximo, na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias.

8.4. O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o non achegado e probado polos e polas aspirantes na documentación aportada coa instancia, sen que sexa admisible a concesión de prazo ningún para emendas ou subsanacións con posterioridade ao día de remate do prazo de presentación daquela.

8.5. A puntuación máxima total do concurso establécese en dez (10) puntos e será o resultado de sumar a puntuación obtida en cada un dos seguintes apartados cos límites que se sinalan para cada un:

A) Experiencia profesional. Máximo 8 puntos.

1. Por servizos prestados para calquera entidade local como funcionario de carreira ou interino, ou como persoal laboral fixo, indefinido non fixo ou temporal, en postos de traballador/a social con funcións de coordinación, xefatura ou similar do correspondente servizo, área ou departamento: 0,10 puntos/mes.
2. Por servizos prestados para calquera administración pública como funcionario de carreira ou interino ou persoal laboral fixo, indefinido non fixo ou temporal, en postos de traballador/a social: 0,05 puntos por cada mes completo de servizo.
3. Por servizos prestados para calquera entidade privada como persoal laboral fixo ou temporal, en postos de traballador/a social: 0,03 puntos/mes.

Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días naturais.

Nos supostos en que os servizos alegados teñan sido prestados a tempo parcial a puntuación reducirase proporcionalmente.

Para cada un dos apartados anteriores calcularase o número total de días correspondentes aos períodos computables, dividirase o resultado entre trinta (30) e o cociente enteiro, desprezando os decimais, multiplicarase pola puntuación por mes.

Para o suposto de que coincidan total ou parcialmente no tempo períodos de prestación de servizos efectivos susceptibles de valoración, só se terá en conta aquel que permita obter unha maior puntuación, sen que poida xerarse unha dobre valoración por un mesmo período.

Consideraranse servizos efectivos os prestados na situación de excedencia forzosa por designación ou elección para un cargo público ou situación de servizos especiais (artigos 46.1 do TRET e 168 da LEPG), excedencia para o coidado de fillas/os e familiares (artigos 46.3 do TRET e 176 da LEPG), a excedencia por razón de violencia de xénero e por razón de violencia terrorista (artigos 177 e 177.bis da LEPG).

B) Formación. Máximo 2 puntos.

1. Por cada curso de duración igual ou superior a 200 horas: 1 punto.
2. Por cada curso de duración igual ou superior a 75 horas e inferior a 200: 0,5 puntos.

3. Por cada curso de duración igual ou superior a 10 horas e inferior a 75: 0,1 puntos.

Valoraranse os cursos de formación en materias relacionadas directamente coas tarefas da praza convocada ou ben en materias transversais como a prevención de riscos laborais, saúde laboral, primeiros auxilios, igualdade e violencia de xénero, transparencia e protección de datos de carácter persoal, atención á cidadanía e habilidades comunicativas e sociais, protección do medio ambiente dende o ámbito laboral, ofimática e informática, novas tecnoloxías da información e comunicación.

A formación deberá estar impartida por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas e demais organismos do sector público ou debidamente homologados por estes. Tamén os impartidos por colexios profesionais e universidades ou escolas oficiais e tamén os impartidos por organizacións sindicais ou outros axentes promotores no marco dos acordos de formación para o emprego nas administracións públicas (AFEDAP).

Non se valorarán as materias ou créditos que formen parte dunha titulación académica, os cursos de doutoramento, os módulos ou partes integrantes dun curso e os cursos que formen parte dos procesos de selección de empregadas/os públicos.

8.6. Requisitos e forma de acreditar os méritos alegados:

- A) Servizos prestados como persoal funcionario. Deberase presentar a seguinte documentación:
 - 1. Certificación de servizos prestados expedida pola administración correspondente na que se fará constar, como mínimo, o nome do posto de traballo ocupado, as tarefas desenvoltas, o tipo de relación (funcionario de carreira, interino ou en prácticas), escala, subescala, grupo, corpo, porcentaxe de xornada de traballo e datas de toma de posesión e cese.
 - 2. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
- B) Servizos prestados como persoal laboral. Deberase presentar a seguinte documentación:
 - 1. Certificación de servizos prestados expedida pola entidade correspondente na que se fará constar, como mínimo, o nome do posto de traballo ocupado, as tarefas desenvoltas, o tipo de relación laboral (fixo, temporal, en prácticas, etc), grupo profesional e/ou categoría, porcentaxe da xornada de traballo e datas de alta e baixa.
 - 2. Informe de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social.
 - 3. Contrato de traballo.
- C) Formación complementaria. Deberase presentar o diploma no que debe constar como mínimo a duración do curso en horas, o título do mesmo e a correspondente homologación de selo caso, ou ben certificación expedida polo organismo que o impartiu na que se fagan constar os mesmos datos.

8.7. De ser necesario, o resultado da ponderación redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados.

9. FASE DE OPOSICIÓN.

9.1. A oposición consistirá no desenvolvemento por escrito dos catro exercicios seguintes:

A) Primeiro exercicio. Terá carácter eliminatorio e consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, máis cinco (5) de reserva, que versarán sobre os temas relacionados no Anexo III a estas bases e para a realización do cal as e os aspirantes disporán como máximo de 120 minutos. Cada pregunta terá 4 alternativas de resposta, das cales tan só unha será correcta. Inclúiranse ademais cinco (5) preguntas de reserva para o suposto de que o Tribunal, de oficio ou con base nalgunha



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfl: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

reclamación, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas no exercicio, o que se fara público no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón.

As respostas ás preguntas de reserva só serán valoradas si finalmente algunha resultase anulada e deberán ser contestadas no mesmo tempo dos 120 minutos.

Cada persoa opositora poderá obter copia do exercicio realizado ao seu remate e no prazo das vinte e catro (24) horas seguintes ao de celebración, farase público no Taboleiro electrónico as respostas correctas ao test.

Este exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 5 puntos. Para iso terase en conta que cada resposta correcta suma 1 punto, cada incorrecta desconta 0,25 puntos e as non contestadas non puntuarán. As persoas aspirantes que non acaden a puntuación mínima quedarán excluídas do procedemento.

B) Segundo exercicio. Terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento por escrito de dous temas de entre os incluídos na parte específica do programa que se une á presente convocatoria como Anexo III, determinados ao chou polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio mediante sorteo público.

As persoas aspirantes disporán de dúas (2) horas para a súa realización.

O exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal cualificador, en sesión pública, que poderá efectuar as preguntas que entenda procedentes sobre o mesmo. Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos e será eliminatorio sendo preciso para pasar á seguinte proba acadar un mínimo de cinco (5) puntos.

Os criterios esenciais de valoración desta proba son o nivel de coñecementos, a formación xeral, a claridade de ideas, así como o rigor e a precisión na exposición.

C) Terceiro exercicio. Desenvolverase por escrito e consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos, cada un dos cales poderá incluír varias ou diversas cuestións a resolver, relacionados coas tarefas propias da subescala.

As persoas aspirantes disporán de dúas (2) horas para o desenvolvemento do suposto ou supostos e poderán facer uso dos textos legais dos que acudan provistos, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios. O criterio esencial de valoración desta proba é a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución do/s problema/s práctico/s presentado/s.

No caso de que o tribunal estableza varios supostos e que non se valoren de forma idéntica todos eles, deberá darse a coñecer aos/as aspirantes a puntuación de cada suposto con carácter previo ao inicio da proba. De non especificarse a puntuación de cada suposto, reputarase que teñen idéntica valoración cada un deles.

Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal, en sesión pública, e poderá efectuar as preguntas que entenda procedentes sobre o mesmo. Puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos.

D) Cuarto exercicio. Terá carácter eliminatorio e consistirá na tradución directa dun texto do castelán ao galego e outro texto do galego ao castelán, nun tempo máximo de unha (1) hora. O exercicio puntuarase como apto ou non apto.

O exercicio deberá ser lido en sesión pública ante o tribunal cualificador e valorarase a corrección da tradución e a pronuncia da lingua galega.

Estarán exentos da realización do presente exercicio as persoas aspirantes que estean en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente.

9.2. A puntuación total máxima da oposición será de 30 puntos.

9.3. Teranse en conta as normas de dereito positivo relacionadas co contido do temario do Anexo III que, na data límite da data de publicación no BOP das listas definitivas de persoas admitidas e excluídas, contén con publicación oficial no boletín ou diario correspondente, aínda que a súa entrada en vigor estea diferida a un momento posterior.

As normas que nesa data fosen derogadas parcial ou totalmente serán automaticamente substituídas por aquelas que procedan á súa derogación parcial ou total.

10. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

10.1. Entre a realización dun exercicio e o seguinte non pasará un prazo superior a corenta (40) días naturais nin inferior a corenta e oito (48) horas, contados dende o remate do anterior.

10.2. Non se poderá acceder ao lugar de realización dos exercicios con teléfonos móbiles, táblets, axendas, reloxos intelixentes ou dispositivos similares polo que, antes de iniciar os exames ou durante o seu desenvolvemento o Tribunal poderá adoptar as medidas que considere oportunas.

10.3. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, membros do tribunal e as persoas colaboradoras e especialistas designadas. Non así, serán públicas as sesións de lectura dos exercicios segundo, terceiro e cuarto.

10.4. As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único e nos que non poidan celebrarse conxuntamente a orde de actuación das aspirantes iniciarase por aquelas cuxo primeiro apelido empece pola letra "F", seguindo o resultado do sorteo feito público por Resolución de 21 de xaneiro de 2025 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de personal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. No suposto de que non exista ningunha persoa aspirante co primeiro apelido que comece pola letra "F" pasarase á letra "G" e así sucesivamente.

10.5. As persoas aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fora a causa que lles impedise acudir e será excluída do proceso a persoa que non compareza.

Non obstante o anterior, as mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercizos polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación realizarase como mínimo 48 horas logo do anuncio da data do exame e comportará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal decidirá en cada caso, con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do tribunal neste punto, sen prexuízo de que as razóns da impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

10.6. O Tribunal poderá requirir ás persoas aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do documento nacional de identidade ou pasaporte ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

10.7. O prazo para presentar reclamacións ás puntuacións dos exercicios será de dez (10) días hábiles contados dende a publicación destas no Taboleiro de anuncios electrónico.

10.8. A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todas as persoas membros do Tribunal ou a determinada



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

de común acordo polo conxunto dos seus membros. No primeiro caso, cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do Tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas ambas, a maior e a menor, calculándose a media aritmética coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

11. PUNTUACIÓN FINAL DAS PERSOAS ASPIRANTES.

11.1. Rematada a oposición, a cada aspirante que a superase outorgaráselle a puntuación total que será a suma das cualificacións obtidas en cada un dos exercicios e que como máximo será de 30 puntos e como mínimo de 15.

11.2. Ao tratarse dun concurso-oposición a puntuación final do procedemento selectivo obterase ponderando os puntos obtidos en cada unha das partes, correspondéndolle un 40% á fase de concurso e un 60% á de oposición. Esta ponderación realizarase do seguinte xeito:

- Fase de concurso: á puntuación máxima (10 puntos) corresponderalle a puntuación ponderada máxima de 4 puntos. Para a determinación da puntuación ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, redondeándose a 2 decimais de ser preciso.
- Fase de oposición: á puntuación máxima (30 puntos), corresponderalle a puntuación ponderada máxima de 6 puntos. Para a determinación da nota ponderada de cada aspirante aplicarase a regra de tres simple, redondeándose a 2 decimais de ser preciso.

11.3. Unha vez calculada a puntuación final de cada persoa aspirante, o Tribunal elaborará unha listaxe destas baseándose na súa puntuación e por orde decrecente, resultando aprobada aquela que, tendo en conta o número de postos, obtivese a máis alta e que constituirá a proposta de nomeamento que se formulará ao órgano competente.

11.4. No suposto de empate nas puntuacións totais finais de dúas ou máis persoas aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio; de persistir o empate pola mellor puntuación obtida no segundo exercicio; de persistir pola obtida no terceiro exercicio; de persistir pola maior puntuación obtida no criterio "experiencia profesional" da fase de concurso; e de persistir pola maior puntuación obtida no criterio "formación" da fase de concurso. De continuar o empate, resolverase pola orde alfabética de actuación das persoas aspirantes á que se refire a base 10.4 e por último acudirase ao sorteo entre as persoas afectadas.

11.5. Asemade o tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva na que figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda tendo superado o proceso selectivo, non resulten aprobadas por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas, para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos nos que a persoa aspirante aprobada non chegue a tomar posesión.

12. LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

12.1. O Tribunal publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo, por orde de puntuacións acadadas e elevará ao órgano competente a proposta de nomeamento a favor da persoa aspirante que obtivera a mellor puntuación.

12.2. No prazo máximo de vinte (20) días naturais contados desde a publicación anterior no BOP, á persoa aspirante que obtivera a mellor puntuación no proceso deberá presentar a seguinte documentación orixinal ou copia compulsada:

- a) De estar incluída nalgún dos supostos relacionados nos apartados i, ii, iii ou iv da base 3.a), documentos xustificativos do matrimonio, filiación e/ou dependencia ou o tratado internacional que o ampara.

- b) Título esixido na base 3.c) ou certificación académica que acredite ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- c) Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración especial de persoal funcionario, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo II.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- d) Informe médico actualizado na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións do posto de traballo. Este informe non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación desta documentación.
- e) Permiso de condución tipo B.
- f) De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.
- g) Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o corresponde número de afiliación.
- h) Certificado da conta bancaria.
- i) Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos ao pagador.

A persoa aspirante proposta que tivese a condición de empregada pública estará exenta de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de empregada pública e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

12.3. Para o caso de non presentarse dentro do prazo indicado, agás supostos de forza maior debidamente acreditados, a documentación relacionada anteriormente ou si da análise da mesma extráese que a aspirante proposta carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3, a persoa non poderá ser nomeada e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial. Neste suposto procederase do mesmo xeito coa persoa coa seguinte maior puntuación.

13. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.

13.1. Cumprido o requisito anterior o órgano competente procederá ao nomeamento da persoa proposta como funcionaria de carreira e este nomeamento, sen prexuízo da notificación individual, farase público no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro electrónico do Concello.

13.2. A persoa nomeada deberá tomar posesión no prazo máximo dun mes (1) dende a publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Para o caso de que a persoa nomeada non tome posesión no prazo indicado, agás supostos de forza maior debidamente acreditados, entenderase que renuncia aos seus dereitos e estarase ao disposto na base 12.3.



14. CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter interino ou temporal para os que se esixan os mesmos requisitos que nas presentes bases, integrada por todas aquelas persoas aspirantes que superasen o proceso relacionadas por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador, así como por aquelas que non superasen o proceso pero que, cando menos, superasen o primeiro exercicio da fase de oposición.

15. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

15.1. No caso de producirse a necesidade de prover un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas na base 14 ofertarase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Padrón como traballador/a social, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este.

A oferta do posto será notificado na forma prevista na LPAC, ao enderezo postal sinalado na instancia de participación presentada (Anexo I) e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto na base 3.

De resultar infrutuosa a notificación, tralos dous intentos previstos no artigo 42.2 da LPAC, procederase do mesmo xeito coa/s seguinte/s persoa/s da lista sen necesidade de realizar a publicación no Boletín Oficial do Estado ao que se refire o artigo 44 da mesma Lei dada a celeridade para o que está previsto este procedemento e a temporalidade dos postos que con el se poden cubrir.

15.2. Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá a oferta indicándolle o número de orde no que se atopa na bolsa, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á toma de posesión no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación que se lles solicite ou renuncien por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase a/s seguinte/s na lista.

A persoa que incorra nalgunha das circunstancias mencionadas no parágrafo anterior será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego agás que a renuncia, que en todo caso deberá realizarse por escrito, se deba algún dos seguintes motivos:

- a) Que a persoa se atope de permiso por paternidade ou maternidade, adopción ou acollemento, lactación ou risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural.
- b) Que a persoa se atope na situación de incapacidade laboral temporal por enfermidade común ou accidente profesional.
- c) Que se atope prestando servizos para o Concello de Padrón noutro posto de traballo.

Nos supostos a) e b) a renuncia deberá acompañarse dos documentos acreditativos da situación. No suposto de que non o acredite debidamente no prazo que se lle indique, será excluída definitivamente da lista.

Serán igualmente causas de exclusión definitiva da lista a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo aceptado e todas aquelas outras que motivan a perda da condición de empregado público.

15.3. Nos supostos de que a necesidade de prover o posto non fora previsible coa antelación suficiente e a súa cobertura fora necesaria para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente ao número consignado na instancia de participación (Anexo I).

Nestes supostos, a ou o empregado público que realice esta tarefa o intentará por dúas veces no mesmo día a horas diferentes cun intervalo mínimo entre chamadas dunha hora. De resultar infrutuosos ambos chamamentos pasarase á seguinte persoa da lista.

En calquera dos supostos a ou o empregado estenderá dilixencia dos chamamentos realizados indicando número de teléfono, día, hora e minutos e resultado da oferta que poderá ser:

- › Non contesta.
- › Acepta.
- › Renuncia.
- › Permiso por paternidade ou maternidade, adopción ou acollemento, lactación ou risco durante o embarazo ou durante o período de lactación natural, ou incapacidade laboral temporal. Nestes casos deberáselle informar da necesidade de acreditar a circunstancia que concorra no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde o chamamento. En caso contrario procederase ao seu tratamento como renuncia.

15.4. As persoas ás que resulte infrutuosa a notificación da oferta ou o chamamento telefónico en 2 procedementos consecutivos ou 3 non consecutivos, namentras esté vixente a bolsa de emprego, pasarán ao final da lista.

15.5. O enderezo electrónico ou postal e número de teléfono onde recepcionar as ofertas de emprego consignadas na instancia de participación poderán ser modificadas por unha soa vez por ano natural a través do correspondente escrito asinado pola persoa interesada no que fará constar os novos datos. Esta modificación será efectiva unha vez transcorridos 15 días hábiles desde a súa presentación no rexistro xeral de entrada de documentos do Concello de Padrón.

15.6. Con motivo da realización de nomeamentos de persoal empregando a bolsa de emprego, a listaxe será actualizada tendo en conta as diferentes incidencias que se puideran dar como renuncias, incapacidades ou notificacións ou chamamentos infrutuosos. A bolsa actualizada será obxecto de publicación no Taboleiro electrónico do Concello de Padrón (<https://sede.padron.gal>).

16. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

No marco da vixente normativa de protección de datos, os datos contidos nas solicitudes de participación e na documentación complementaria presentada con posterioridade serán obxecto de tratamento polo Concello de Padrón coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do proceso selectivo e posteriores provisións de postos de carácter temporal.

As persoas aspirantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento (o Concello de Padrón) a través da sede electrónica municipal (<https://sede.padron.gal>).

17. NORMA FINAL.

Contra as presentes bases e a convocatoria do procedemento que regulan, as persoas interesadas poderán interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes dende o día de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende o día de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

ANEXO I. INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, GRUPO A, SUBGRUPO A2, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE PADRÓN DO 2022.

APELIDOS E NOME:						
DNI / PASAPORTE:						
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:						
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono	
Canle de notificación:		☐ Notificación postal ☐ Notificación telemática (obligatoria para as persoas que teñan a condición de empregada pública).				
PERSOA CON DISCAPACIDADE?:						
☐ NON.						
☐ SI. Grao de discapacidade %.			☐ Non.			
Neste caso indíquese si precisa adaptación das probas:			☐ Si. Neste caso describa en documento adxunto as adaptacións que solicita.			
TENDO COÑECEMENTO DA CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PUBLICADA NO BOLETÍN OFICIAL DO ESTADO NÚMERO [] DE DATA [] PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO 2022 DO CONCELLO DE PADRÓN, SOLICITO PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.						
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE , que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso no emprego público e os sinalados nas bases reguladoras do procedemento que se convoca e que me comprometo a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.						
ACHEGO orixinal ou copia dos seguintes documentos (marcar cun x o que corresponda):						
☐ Documento nacional de identidade ou pasaporte.						
☐ Visado e, de ser o caso, documento acreditativo do vínculo de parentesco e declaración responsable da persoa						

cónxuxe ou ascendente da que dependa de que non está separada de dereito ou de que a ou o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

☐ Certificado de lingua galega ou título equivalente debidamente validado polo órgano competente segundo a normativa vixente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou títulos expedidos pola Escola Oficial de Idiomas.

☐ De ser o caso, ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de discapacidade acreditativo das deficiencias permanentes que deron lugar ao grao de discapacidade recoñecido.

☐ Documento de liquidación da Taxa pola participación en procesos de selección de persoal ao servizo do Concello de Padrón, que ascende a 31,32 €, selada pola entidade bancaria ou acompañada do xustificante bancario do ingreso.

Lugar, data e sinatura.¹

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE A BASE 3.g) E h) DAS QUE REXEN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE PADRÓN.

APELIDOS E NOME:						
DNI / PASAPORTE:						
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:						
Rúa, avenida, praza ou lugar			Número	Escaleira	Andar	Porta
Código postal	Municipio	Provincia	Correo electrónico		Teléfono	
Canle de notificación:		☐ Notificación postal ☐ Notificación telemática (obligatoria para as persoas que teñan a condición de empregada pública).				
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE , non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o, nin despedida/o, mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparme na situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para o acceso á escala de administración especial de persoal funcionario.						

Lugar, data e sinatura.*

ANEXO III. TEMARIO.

¹En cumprimento do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos persoais reflectidos nesta instancia trátanse polo Concello de Padrón coa finalidade de xestionar o procedemento que inicia coa mesma. Este tratamento é necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público e para o exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento (artigo 6 do Regulamento 2016/679 do Parlamento Europeo). Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento:

- Responsable: Concello de Padrón.
- Destinatario: departamentos municipais con competencias na tramitación do expediente.
- Conservación: os seus datos trátanse durante o tempo necesario para resolver o expediente e conservárase durante os prazos de prescrición establecidos na normativa aplicable.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

PARTE XERAL (12 temas).

TEMA 1. A Constitución Española: Estrutura. Os principios constitucionais: o estado social e democrático de Dereito. Os valores superiores na Constitución española. Título preliminar. Os dereitos e deberes fundamentais, as súas garantías e suspensión. As Cortes Xerais. A reforma constitucional.

TEMA 2. O Estatuto de autonomía de Galicia: Título preliminar. O poder galego: o Parlamento. A Xunta e o seu presidente. As competencias de Galicia.

TEMA 3. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: disposicións xerais. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. A revisión de actos en vía administrativa: revisión de oficio. Recursos administrativos.

TEMA 4. Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas: das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Garantías do procedemento. Iniciación do procedemento. Ordenación do procedemento. Instrución do procedemento. Execución. Finalización do procedemento. A tramitación simplificada do procedemento administrativo común.

TEMA 5. O réxime local. Regulación xurídica. O municipio: concepto e elementos. Competencias. Organización e funcionamento dos órganos municipais necesarios. Recursos das facendas locais: enumeración, natureza e feito imponible.

TEMA 6. O persoal ao servizo das Administracións Públicas: clases de persoal. Adquisición e perda da relación de servizo. Dereitos individuais. Deberes e código de conduta. Xornada de traballo permisos, licenzas e vacacións. Dereitos retributivos. Incompatibilidades. Prevención de riscos laborais: normativa, dereitos e obrigas.

TEMA 7. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados, abstención e recusación. Os convenios. Principios da potestade sancionadora. Da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas.

TEMA 8. Obxecto e ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014. Os contratos das Administracións Públicas: clases. Preparación dos contratos das administracións públicas. Órgano de contratación: distribución competencial entre os órganos municipais.

TEMA 9. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

TEMA 10. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos.

TEMA 11. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes: obxecto e ámbito da lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación. Políticas públicas para a igualdade. Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: as condicións de emprego en igualdade na Administración pública galega.

TEMA 12. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: uso oficial do galego. O regulamento de uso do galego na administración municipal do Concello de Padrón.

PARTE ESPECIAL (48 temas).

TEMA 13. Marco legal dos servizos sociais na Constitución española, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei de bases de réxime local. Competencias dos municipios en materia de servizos sociais.

TEMA 14. Plan Concertado para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais de corporación locais: concepto, programas básicos e compromisos. O Convenio entre o Ministerio de Asuntos Sociais e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais (BOE núm. 163 do 08/07/1988).

TEMA 15. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Título preliminar, Título I e Título II.

TEMA 16. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Título III, Título IV e Título V.

TEMA 17. Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: Título VI, Título VII e Título XI.

TEMA 18. Os servizos sociais comunitarios. Profesional de referencia. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

TEMA 19. Os servizos sociais especializados. Definición. Funcións. Equipos profesionais.

TEMA 20. O servizo de axuda no fogar. Definición. Obxectivos. As persoas usuarias e profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización. Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

TEMA 21. A ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Padrón. Ordenanza número 4 reguladora do prezo público do servizo de axuda no fogar do Concello de Padrón.

TEMA 22. Orde do 18 de agosto de 2000, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais pola que se aproba o Estatuto básico dos centros de servizos sociais da Comunidade de Galicia.

TEMA 23. Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia: as autorizacións e a acreditación. Rexistro Único de entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

TEMA 24. Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios: disposicións de carácter xeral e solicitudes de autorizacións.

TEMA 25. Formas de prestación dos servizos sociais en Galicia. O réxime de concertos sociais: Decreto 229/2020, do 17 de decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia: disposicións xerais, réxime para concertar e procedemento de concertación.

TEMA 26. O Decreto 40/2014, do 20 de marzo, polo que se crea a Axencia Galega de Servizos Sociais e se aproban os seus estatutos. O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

TEMA 27. A historia social única electrónica. O Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social única electrónica.

TEMA 28. O sistema español de Seguridade Social. Prestacións non contributivas. Modalidades e requisitos.

TEMA 29. A Lei 19/2021, do 20 de decembro, pola que se establece o ingreso mínimo vital (IMV): requisitos de acceso e as súas acreditación. As obrigas das persoas beneficiarias do IMV.

TEMA 30. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: Título preliminar e Título I.

TEMA 31. Conceptos básicos para o traballo social. Acción Social. Benestar Social. Política Social. Servizos Sociais. Estado de benestar. Traballo Social. Etapas históricas da acción social.

TEMA 32. Modelos de intervención social: modelo sistémico, modelo ecolóxico, modelo de intervención en crise, modelo centrado na tarefa e modelo de atención centrado na persoa.



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 881 24 93 91

TEMA 33. O proceso de planificación no traballo social. Plans. Programas. Proxectos. A planificación como parte do proceso metodolóxico no traballo social: a planificación na atención individualizada e familiar e o traballo social con grupos.

TEMA 34. O proceso metodolóxico no traballo social: estudo/investigación, diagnóstico social, planificación, execución e avaliación.

TEMA 35. A Avaliación no traballo social. Avaliación do deseño, avaliación da implantación, avaliación de resultados. Tipos de avaliación: externa, interna e mixta. Técnicas de avaliación cuantitativa e cualitativa.

TEMA 36. Técnicas e instrumentos do traballo social. Observación, visita domiciliaria e entrevista. Ficha Social, Historia Social, Informe Social. Escalas de valoración social e Proxecto de Intervención social. Xestión das emocións na aplicación das técnicas e instrumentos.

TEMA 37. A coordinación de programas: conceptos, natureza e procesos. Tipos, mecanismos e instrumentos para a coordinación.

TEMA 38. Traballo en equipo. Estilos de liderado, resolución de problemas e toma de decisións. A mellora da eficacia do traballo en equipo. A/o traballador/a social como compoñente dun equipo de traballo interdisciplinar: principios básicos, fundamento e funcións. Conceptos básicos: interprofesionalidade, multidisciplinariedade, interdisciplinariedade e transdisciplinariedade.

TEMA 39. A ética profesional do Traballo Social. Código de Ética Profesional da Federación Internacional do Traballo Social. O Código deontolóxico do traballo social. O segredo profesional. Conflitos éticos na práctica profesional.

TEMA 40. A atención á dependencia. Marco conceptual. Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

TEMA 41. Decreto 142/2023, do 21 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos.

TEMA 42. Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

TEMA 43. As persoas con discapacidade. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Disposicións xerais: dereito á vida independente. Dereitos e obrigacións: dereito á protección social. Traballo interdisciplinar nos servizos sociais para persoas con discapacidade. Competencias da Administración central, autonómica e local: obxectivos e recursos. Servizos e prestacións.

TEMA 44. As persoas maiores. Aspectos demográficos, psicolóxicos e sociais do envellecemento. Envellecemento activo. Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia: políticas públicas para o impulso demográfico, envellecemento activo e saudable. Recursos e servizos para as persoas maiores.

TEMA 45. Os novos modelos de atención ás persoas maiores: a atención centrada na persoa. Resolución do 28 de xullo de 2022, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Acordo do Consello territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, sobre criterios comúns de acreditación e calidade dos centros e servizos do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia: Sección primeira Título I, Título III, Título IV e Título VII.

TEMA 46. Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.

TEMA 47. A violencia de xénero e familiar. Concepto. Tipoloxía. A Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero.

TEMA 48. Lei galega 11/2007 de prevención e tratamento integral da violencia de xénero: Título preliminar, Título II e Título III.

TEMA 49. A igualdade de xénero. Conceptos xerais: xénero, discriminación, desigualdade, acción positiva, roles e estereotipos. Enfoque integrado de xénero nas políticas públicas. O IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e home 2024-2028 do Concello de Padrón.

TEMA 50. A familia. Os modelos familiares na sociedade actual. As familias con factores de risco. Redes de apoio formais e informais. Servizo de apoio á familia nos servizos sociais comunitarios básicos e específicos. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia: a familia e familias de especial consideración. Do apoio familiar e a mediación.

TEMA 51. A familia e a infancia. A Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de axuízamento civil: Dos dereitos e deberes dos menores. Desamparo, garda e tutela. Actuacións en situación de desprotección social del menor. O acollemento. A adopción nacional.

TEMA 52. Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia: Dereitos dos nenos, nenas e adolescentes fronte á violencia. Sensibilización, prevención e detección precoz: do ámbito dos servizos sociais.

TEMA 53. Decreto 329/2005, do 28 de xuño, polo que se regulan os centros de menores de os centros de atención á infancia: definición e clasificación.

TEMA 54. O Regulamento de organización e funcionamento da escola infantil municipal do Concello de Padrón. Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo público da escola infantil do Concello de Padrón.

TEMA 54. Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia: Disposicións xerais, Renda de Inclusión Social de Galicia. Axudas de Inclusión Social. Réxime de competencias.

TEMA 55. A Orde do 25 de xaneiro de 2008 pola que se regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social: obxecto, definición, tipoloxía de centros, autorizacións administrativas e requisitos comúns.

TEMA 56. A inclusión social. Concepto de pobreza e exclusión social. Situacións de vulnerabilidade e cronicidade. Grupos de poboación máis vulnerables. Características. Recursos, servizos e prestacións.

TEMA 58. Condutas aditivas. Drogas e outras adiccións. Aspectos sanitarios, sociais e educativos. Prevención, atención e incorporación social. Papel da/do traballador/a social nas actuacións intersectoriais. Recursos sobre trastornos aditivos en Galicia.

TEMA 59. O terceiro sector de acción social. Organizacións non gobernamentais: concepto. Tipos. Sistemas de financiamento. Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector da acción social. Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia: disposición adicional cuarta.

TEMA 60. Voluntariado e acción social non gobernamental. Concepto da acción voluntaria. Definición, ámbito de actuación, dereitos e deberes. Papel do voluntariado. Papel da/o traballador/a social na iniciativa social e o voluntariado. A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria. O regulamento interno de acción voluntaria do Concello de Padrón.